

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE XUÑO DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Tojas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 12 de xuño de 2013.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase conceder a licenza municipal de instalación e de obras para legalización dunha piscifactoría sita en San Vicente do Veral.

Resólvese o recurso potestativo de reposición interposto contra o acordo 5/439 da Xunta de Goberno Local do 18 de xullo de 2012 de denegación de licenza municipal de instalación, e de licenza de obras para estación base de telefonía móbil na estrada da Coruña, número 134.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase conceder as seguintes licenzas: para legalización de obras de acondicionamento de baño e cociña en vivenda no piso terceiro do edificio sito en solo urbano na rúa Pintor Luís Seoane, número 11; para a construción de planta primeira e reforma, e acondicionamento interior de nave sen uso definido, sita na parcela 96-97, subparcela 7, rúa da Terra; para a ampliación de oco de fachada na planta baixa, resgándoa ata o solo, sita en solo urbano na rúa Nova, número 137; e para a instalación de boxes de lavado en área de servizo, con licenza número 199/11, sita na estrada N-640, P.K. 88,600, marxe dereita, cruzamento de Muxa, s/n, A Campiña.

Así mesmo acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, as seguintes actuacións: instalación de ascensor no edificio sito na rúa Aviación Española, número 2; instalación de ascensor en edificio

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia	FECHA	21/06/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/2



existente, sito na avda. Coruña, número 68, e instalación de ascensor en edificio existente, sito na rúa Tuñas Bouzón, número 2.

**3. XESTIÓN.-** Acórdase declarar a situación de ruína técnica e urbanística dos inmobles número 38 da rúa San Xillao e do número 1 da praza de Santo Domingo.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a ampliación do prazo de execución da obra de “Rehabilitación do antigo cárcere do partido xudicial de Lugo. Centro social e cultural antigo cárcere – fase 1.” actuación incluída no Proxecto Urban (iniciativa urbana) co 70% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013) (Proxecto 09UR2201 urban centro social e cultural antigo cárcere).

Tamén se acorda a delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación para a aprobación de todos os actos de trámite e resolutivos necesarios para a contratación dos procedementos de contratación de servizos que se inclúan no segundo programa experimental de servizos locais e fomento de emprego para o ano 2013.

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase regularizar a situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras 560/2010 outorgada para construír un edificio na rúa Pintor Pacios, 11.

Igualmente acórdase regularizar a situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza de obras solicitada para construción de peche do predio sito na rúa Avetarda, 39.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, acórdase a** aprobación do protocolo de actuación e addenda para subscripción de accións por parte do Concello de Lugo para a consecución da finalidade de constitución do S.A.D. Club Deportivo Lugo, así como a aprobación da adquisición de accións.

**Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.**

Código Seguro de verificación: /D4HcELdCWsMD25Dau8Ecw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	21/06/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	/D4HcELdCWsMD25Dau8Ecw==	PÁGINA	2/2
 /D4HcELdCWsMD25Dau8Ecw==				